Desexámosvos...

un bo

**libro**

e

unhas lectoras vacacións.








http://www.pinterest.com/micabigotes/

http://contosebigotes.blogspot.com.es/

https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf

DECEMBRO 2016

# DENDE A BIBLIOTECA "PAULA CARBALLEIRA"



MAMASES, PAPASES, AVOAS,

**PENSANDO "NESA" CARTA ...**

...que tod@s desexades escribir ...



...queremos, de novo, propoñervos palabra, música e imaxe coma agasallo. Para disfrutar, compartir, prestar, intercambiar,traficar,pasar en “herdo”. Pedir tamén un tempiño para acompañar nestas datas ás vosas fillas e fillos, net@s, sobriñ@s, a algunha librería, a mirar, deixarlles escoller, aconsellal@s, animal@s a pedir algún. A lectura é sempre beneficiosa. E se é compartida con quen máis lles quere, multiplica os seus efectos!!!

MAMASES,PAPASES,AVOAS, AVÓS,PROF@S e demáis adult@s:

- **Máis aló do azul e do rosa-A.Torres-Galaxia:** Nin medios nin sociedade nin gobernantes nolo poñen fácil.Por iso é imprescindible a familia para educar evitando estereotipos, dando pasos de prevención ante a desigualdade e a violencia de xénero.






- **A Sociedade Literaria e do Pastel de Pel de Pataca de Guernsey-M.A.Shaffer-Rinoceronte:** Semella un comezo aburrido, pero a ocupación alemá nesta illa non vai resultar doada aos invasores. Para sorrir ou mesmo rir con ganas.







- **Cando cae a luz-María Canosa-Urco:** Trece relatos para pasar medo.Porque a falta de lobos, outros son os terrores que se agochan na actualidade.

- **Mel nas filloas!-R.Garrido-Galaxia:** Somos larpeir@s, a que negalo, e nestas datas temos tempo...cociñemos cos/as peques!.






- **Viva Galicia Beibe-Antón Reixa-Xerais:** Recopilación das letras das cancións(poesía ao fin) do autor durante máis de 30 anos. Rock galego de pura cepa.Para ler escoitando aqueles tempos de Os Resentidos...













- **Opoñerse á extinción_Sés:** Último disco desta cantautora, cheo de ritmos e verbas que non te deixarán indiferente:amor,denuncia social,blues,ritmos latinos, cantyareiras,rock...

- **Pelerinaxes-S.Saibene-Galaxia:** Película inspirada na obra do mesmo título de R.Otero Pedrayo(1929). Camiño



## Desexámosvos...

# un bo
# libro
# e
# unhas lectoras vacacións.









http://www.pinterest.com/micabigotes/

http://contosebigotes.blogspot.com.es/

https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes

DECEMBRO 2016

## DENDE A BIBLIOTECA "PAULA CARBALLEIRA"



Lector@s avanzad@s

**PENSANDO "NESA" CARTA ...**

## ...que tod@s ides escribir ...



...non esquezas "ESES" que non veñen nos catálogos que rulan estes días a moreas; ESES que serán os teus millores compañeiros de xogos, de soños e de vida. Pídete algún.

Lembra ORGANIZARTE para ser pedichón/a. Fala cos e coas compas, poñédevos de acordo para pedir títulos distintos. E unha libretiña chula. Para intercambiar os libros logo de lelos, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstito incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

LECTOR@S AVANZAD@S:

- **Aire-María Fumaça-Galaxia:** O novo CD de María Fumaça, para unhas vacacións bailables e cantables. Con karaoke. Xa sabes...






- **O neno inverno-María Canosa-Galaxia:** O neno é quen de facer nevar a vontade.O lobo está cheo de tristura e carraxe.Un encontro entre dous que se necesitan.







- **Denébola ,a roxa-H.Cajaraville-Baía:** Aventuras desta rapaza con nome de estrela que se nega a aceptar o destino que lle impón seu pai, poderoso señor no 1600.Fuxindo del, chega a América.

- **Gerald Durrell** foi un zoólogo, naturista e escritor británico nado na India.Pasou 5 anos da súa infancia na illa de Corfú. Sobre eles tratan estes tres divertidos libros, cheos de aprendizaxe, humor e retranca...e unha grea de animais e parentes.Tráechos **Sushi Books:A miña familia e outros animais; Bechos e demais parentes** e **O**










- **Nunca mascotas-Paula Carballeira-Galaxia:**Un novo libro de poemas da nosa "madriña".Algúns tenros, outros duros, algúns difíciles,todos sorprendentes.Porque o chamado ser humano é, moitas veces, o máis inhumano dos animais.




Versos para saborear e reflexionar.




- **Nemo.O rapz sen Nome-D.Morosinotto-Xerais:** Misterio e aventura na Europa de 1829. Tres protagonistas.Daniel,Aishlynn e o misterioso Nemo, o rapaz sen Nome.




- **As irmandades da fala -P.Carreiro-Baía:**Para que,co humor de Carreiro, vaias coñecendo parte da nosa



Desexámosvos...

un bo

**libro**

e

unhas lectoras vacacións.









http://www.pinterest.com/micabigotes/

http://contosebigotes.blogspot.com.es/

https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes

DECEMBRO 2016

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



Lector@s autónom@s

**PENSANDO**
**"NESA"**
**CARTA ...**

## ...que tod@s ides escribir ...



......non esquezas "ESES" que non veñen nos catálogos que rulan estes días a moreas; ESES que serán os teus millores compañeiros de xogos, de soños e de vida. Pídete algún.

Non te has arrepentir!!!

LECTOR@S AUTÓNOM@S

- **A editorial Urco** presenta **a colección Mulleres bravas da nosa historia** con 2 títulos: **Rosalía de Castro** (Eva Agra) e **MªVictoria Moreno** (Eli Ríos). Visibilizando a dúas escritoras que forman parte desa a nosa historia









- **Os lapis primos-J.A.Ranírez-OQO:** Son moitos os "artefactos" para escribir;pero...coñeces aos primos dos lapis.A liberdade da imaxinación permitirache chegar moito máis alá das verbas e as imaxes:a poesía.




- **Contos nerviosos-Fran Alonso-Embora:** Tan nerviosos que non poderás deixalos ate chegar ao final.Caprichos, alerxias, videoxogos e amizades especiais comparten páxinas. Atrévete con eles.




- **O soño do Merlo Branco-Agustín Fdez.Paz-Xerais:** Témolo na biblio noutra editora.Aproveita a ocasión para facerte coa historia de Bulebule, a merliña que,logo de escoltar a Grou, coida ser a elixida para ser un Merlo Branco. A vida irá amosándolle






- **Poemas para conversar -X.C.Domínguez-Galaxia:**Pois si, para conversar, porque hai versos e poemas para todo o que podas pensar. O ciclo da vida, as estacións do ano, a lingua, os xogos...non sintes curiosidade?




- **Curuxa.A voz de Azazel-Fonso Barreiro -Retranca Editora:**As feiticeiras malvadas adícanse a roubar a voz de quen topa con elas. Curuxa, unha meiga nova, tentará recuperalas.




- **Máis contos en cantos-A.Janeiro-OQO:** Rumba, polca,rock, reggae...os contos teñen ás para voar e música para danzar.Déixate levar por eles neste libro_CD.



Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras vacacións.








http://www.pinterest.com/micabigotes/

http://contosebigotes.blogspot.com.es/

https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes

DECEMBRO 2016

DENDE A BIBLIOTECA "PAULA CARBALLEIRA"



1°LECTOR@S

PENSANDO "NESA" CARTA ...

## ...que tod@s ides escribir ...



......non esquezas “ESES” que non veñen nos catálogos que rulan estes días a moreas; ESES que serán os teus millores compañeiros de xogos, de soños e de vida. Pídete algún.

Non te has arrepentir!!!

### 1º LECTOR@S:

- **En familia-L.Maxeiner-Hércules** : Anque aparece o típico debuxo no que ela vai de bailarina e el de gamberro ou intelectual, neste libro aprenderás, con moito humor e non pouco lío, cantos tipos diferentes de familias pode haber na actualidade. Non é fácil. Atoparás unha parecida á túa?




- **Abecedario ilustrado-C.Cano-Xerais:** Imprescindible saberse o abecedario.Non será difícil con este.Fermosas ilustracións e textos para cada letra.




- **Con Tango son tres-J.Richardson-Kalandraka:** Basado na historia real de dous pingüíns macho.




Queríanse moito e desexaban criar. No zoo onde vivían, axudáronlles a realizar o seu soño. Unha familia absolutamente feliz!

- **Avoa Power-J.Fdez.Serrano-Xerais:** Cuarta entrega desta serie de Banda Deseñada. A avoa de Libro é coñecida coma Avoa Power. Marcapola,




- **Poemas birollos para ler cos ollos-Fran Alonso-Xerais:** Poesía para disfrutar e xogar. Para aprender, recitar e crear.

Imaxes suxestivas que crean tamén poesía.




- **Canta connosco-Migallas-Kalandraka:** Na 1ª versión deste CD teu pai e túa nai...eran pequen@s!!! (ou adolescentes) Agora con karaoke, para que cantedes xunt@s.



Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas lectoras vacacións.










http://www.pinterest.com/micabigotes/

http://contosebigotes.blogspot.com.es/

https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf

DECEMBRO 2016

DENDE A BIBLIOTECA "PAULA CARBALLEIRA"





EDUCACIÓN INFANTIL:

PENSANDO "NESA" CARTA ...

...que tod@s ides pedir que vos escriban ...



...non esquezas "ESES" que non veñen nos catálogos que rulan estes días a moreas; ESES que serán os teus millores compañeiros de xogos, de soños e de vida. Pídete algún.

Non te has arrepentir!!!

EDUCACIÓN INFANTIL

- **Tic Tac Toc-P.Díaz e a banda-Galaxia:** Xa coñeces a Pablo.Este novo disco vaite encantar.Aprénde todas as cancións!!!




- **O concurso-E.Long-Lata de Sal:** Lembras a Garabato e Tinta?Desta volta queren gañar o 1º premio no concurso de arte.Unha enorme montaña de...lama!!! Poderán conseguilo?






**A editorial ENGAIOLARTE** ten unha chea de libros para ti. Con cores e imaxes fermosas. Cinco coleccións con varios títulos para aprender un montón: **Barrigolas, Toca-toca, Aprende, Sígueme e Que podes atopar?**.




- **O xardín das bolboretas-L.Weston-Engaiolarte:** As bolboretas monarca viaxan moito.Neste xardín cheo de lapelas poderás saber como se transforman dende que nacen ata que fan a súa longa viaxe.




- **A caixa máis grande do mundo-C.Corrales-Lata de Sal:** Leonora colecciona de todo, sobre todo caixas.O día que atopa a máis grande nunca vista cae na conta de que non ten onde poñela.Que pode facer?




